

MESA SECTORIAL DO DÍA 20 DE MARZO DE 2018



MESA SECTORIAL DO DÍA 20 DE MARZO DE 2018

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Apróbanse as actas unha vez feitas as alegacións correspondentes.

2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DE ORDE POLO QUE SE CONVOCA PROCEDIMENTO DE ACCESO AOS CORPOS DE CATEDRÁTICOS DE ENSINO SECUNDARIO, ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO E ESCOLA DE IDIOMAS.:

*A Administración procede a dar as OOSS as prazas das especialidades e o número de prazas de cátedras por especialidade:

ACCESO AO CORPO DE CATEDRÁTICOS DE ENSINO SECUNDARIO				
Código/Especialidade		Acceso reserva discapacidade	Acceso xeral	Total
001	Filosofía	3	36	39
002	Grego	-	5	5
003	Latín	1	9	10
004	Lingua Castelá e Literatura	8	103	111
005	Xeografía e Historia	7	90	97
006	Matemáticas	9	123	132
007	Física e Química	4	60	64
008	Bioloxía e Xeoloxía	4	53	57
009	Debuxo	3	38	41
010	Francés	4	48	52
011	Inglés	6	87	93
012	Alemán	-	2	2
016	Música	3	42	45
017	Educación Física	4	61	65
018	Orientación Educativa	3	36	39
019	Tecnoloxía	5	67	72
053	Lingua Galega e Literatura	6	85	91
061	Economía	2	21	23
101	Administración de Empresas	2	22	24
102	Análise e Química Industrial	-	4	4
103	Asesoría e Procesos de Imaxe Persoal	-	4	4
104	Construcións Cívicas e Edificación	-	3	3
105	Formación e Orientación Laboral	3	33	36
106	Hostalería e Turismo	1	7	8
107	Informática	2	20	22
108	Intervención Sociocomunitaria	1	9	10

109	Navegacións e Instalacións Mariñas	-	1	1
110	Organización e Xestión Comercial	1	9	10
111	Organización e Procesos de Mantemento de Vehículos	1	9	10
112	Organización e Proxectos de Fabricación Mecánica	1	10	11
113	Organización e Proxectos de Sistemas Enerxéticos	-	5	5
115	Procesos de Producción Agraria	-	4	4
116	Procesos na Industria Alimentaria	-	3	3
117	Procesos Diagnósticos Clínicos e Produtos Ortoprotésicos	-	6	6
118	Procesos Sanitarios	-	6	6
119	Procesos e Medios de Comunicación	-	3	3
122	Procesos e Produtos en Artes Gráficas	-	1	1
123	Procesos e Produtos en Madeira e Moble	-	3	3
124	Sistemas Electrónicos	1	9	10
125	Sistemas Electrotécnicos e Automáticos	1	9	10
TOTAL		86	1.146	1.232

ACCESO AO CORPO DE CATEDRÁTICOS DE ESCOLAS OFICIAIS DE IDIOMAS

Código/Especialidade		Acceso reserva discapacidade	Acceso xeral	Total
001	Alemán	1	6	7
006	Español	-	1	1
008	Francés	1	6	7
009	Galego	-	2	2
011	Inglés	2	24	26
012	Italiano	-	4	4
015	Portugués	-	3	3
TOTAL		4	46	50

ACCESO AO CORPO DE CATEDRÁTICOS DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO

Código/Especialidade		Acceso reserva discapacidade	Acceso xeral	Total
502	Conservación e Restauración de Materiais Arqueolóxicos	-	1	1
503	Conservación e Restauración de Obras Escultóricas	-	1	1
504	Conservación e Restauración de Obras Pictóricas	-	1	1
507	Debuxo Artístico e Cor	1	1	2
508	Debuxo Técnico	-	1	1
509	Deseño de Interiores	-	2	2
511	Deseño de Produto	-	1	1
512	Deseño Gráfico	-	2	2
515	Fotografía	-	2	2

516	Historia da Arte	-	1	1
521	Medios Audiovisuais	-	1	1
522	Medios Informáticos	-	1	1
525	Volume	-	2	2
TOTAL		1	17	18

ANPE comenza a súa intervención considerando que esta é unha oferta boa en número de prazas aínda que non entende o por qué do secretismo de non entregar o desglose xunto coa documentación desta mesa, polo que solicitamos que en vindeiras mesas, teñamos toda a documentación no momento de acudir a dita reunión ([A Admon. non responde](#))

Así mesmo solicita unha explicación sobre o sistema para obter cada un deses números por especialidade : [A Admon. dí que e unha porcentaxe pero que non entra nese tema porque se non daría pe a interpretacións](#))

ANPE non entende tampouco a distribución das prazas de discapacidade [A Admon resposta que non o vai explicar en profundidade, só que calculouse por porcentaxes sobres o datos que manexaban](#)

ANPE solicita ante todo, que este Consellería estudase esta Orde e que ofrezca unha compepta SEGURIDADE XURÍDICA sobre o tema da suficiencia investigadora no caso do corpo das Ensinanzas Artísticas, xa que a lexislación dese corpo indica que debería esixirse (Decreto 172/2015 art 2º, Decreto 61/2011 do 24 de marzo, Orde 8/agosto de 2011, RD 1397/2007 do 29 de Outubro, RD 1027/2011 do 15 de xullo,...) [A Consellería dí que practicamente todas estas especialidades non dan ensinanzas superiores e, ao contrario das prazas de catedráticos de CMUS, acadar esta condición neste corpo non supón un cambio de praza que se viña ocupando, en todo caso o mirarán](#)

Dende **ANPE** solicítase ampliar os prazos do procedemento [A Admon. dí que son suficientes](#) e que os órganos de selección estean en relación o número de participantes en cada especialidade e non no número de prazas ofertadas

Base sétima. Sistema de selección: **ANPE** SOLICITA que os tribunais teñan moi claro o que puntuar de maneira que con eses criterios sexan claros e específicos para poder facer o seu traballo coa máxima obxectividade.

Base Oitava: **ANPE** solicita que o prazo sexa de 10 días hábiles

Base novena: Resaltar que hai xente que quere participar por varias especialidades : [A Admon resposta que non hai problema, que poden facelo porque a repercusión é mínima](#)

ANEXO II:

* **ANPE** solicita que todos os méritos que xa están en datos persoais, non se teñan que xustificar

1.1 Pídese al menos unha puntuación de 0.5 como na Orde de Madrid. [A Admon resposta que non xa que se non é moi difícil encontrar diferencias entre as persoas participantes e todos chegarían ao máximo co que é difícil logo diferenciar entre uns participantes e outros...](#)

1.2.3 Sobre este punto solicitamos que se estude a redacción do mesmo porque a negrita que aparece da máis importancia aos CIFP que ao resto

Neste apartado deberían incluir todas as titorías docentes, e todas as coordinacións docentes: EDIXGAL, de sección bilingües... [A Admon resposta que non poden facelo porque entón equipararían a todo o mundo](#)

1.2.4 **ANPE** solicita que esta puntuación por postos meritocráticos deberían desaparecer e valorar só méritos do profesorado

2.1/2.2 – **ANPE**, coma noutras ocasións, non entende que non haxa diferenciación de puntuación entre os cursos impartidos e recibidos

3. **ANPE** considera totalmente insuficiente éste máximo de 1.5 puntos para este apartado e considera que cada un dos subapartados teñen unha puntuación moi baixa que debería ser superior: [A Admon resposta que non o vai a cambiar](#)

3.1.1 Polo título de Doutor deberían dar entre 1 punto e 1.2

3.1.2 Igualmente e moi pouca esa puntuación

3.1.3 **ANPE** igualmente solicita aumentar o valor deste mérito e solicita que se inclúa unha puntuación se presentan un premio nese máster

3.1.5 O Grao debería puntuarse al menos cun 0.5

3.1.6 Este apartado debería puntuarse con 0.5

3.1.7 Este apartado debería puntuarse con 0.3

3.1.8 Queremos facer fincapié en que se puntúa casi tanto un B2 como un título de máster, polo tanto solicitamos a revisión desa puntuación e que consideren tamén os títulos nas linguas cooficiais [A Admon resposta que non vai puntuar as linguas cooficiais](#)

ANPE dí que non se bareman os outros títulos de réximen especial: FP superiores, CMUS/CDAn,... [A Admon resposta que non os vai baremar](#)

3.2 – Publicacións: solicítase uns criterios claros sobre o qué se puntúa e qué se admite e un modelo visible destes criterios porque este tema es un problema á hora de saber qué se valora e por qué, e normalmente é o punto con máis reclamacións dos participantes.

Existe un erro de puntuación de coautor, detectado previamente e informada a Consellería de que o vai solventar

3.2.3 Engadir a titorización de funcionari@s en prácticas para darlles unha mínima compensación a estes funcionarios [A Admon resposta que non o acepta](#)

3.2.3 Deportistas de alto nivel: **ANPE** non ve a relación de puntuación neste apartado porque non ten relación docente (agás que só o puntúen para certas especialidades) [A Admon resposta que o van a mirar](#)

3.2.4 Premios... **ANPE** non ve neste caso relación con esta convocatoria

3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE CONVOCA CONCURSO DE MÉRITOS PARA A SELECCIÓN E NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN DOS CENTROS EDUCATIVOS.

Desde **ANPE** repetir, unha vez máis, que este non é o sistema de selección polo que avoga a nosa Organización Sindical. **ANPE** Galicia considera que a dirección dos centros educativos debería emanar directamente dos Claustros.

Estas Ordes retíranlle ao Claustro toda a potestade e deixa a cuestión en mans da Administración Educativa (véxase o artigo 5).

Por outro lado, A **ANPE** NPE Galicia considera que debería ter prioridade as candidaturas á Dirección de profesores/as do propio centro fronte a candidaturas alleas. **ANPE** considera que o prazo de participación debería estar aberto ata a finalización do Concurso de Traslados para poder incorporar as vacantes producidas deste proceso.

Non estamos de acordo co requisito dos 5 anos que recolle o artigo 2b) tendo en conta que, no caso de nomeamento de direccións a dedo non se solicita tal requisito. Sen establecer o requisito dos 5 anos entendemos que se facilita a presentación de candidaturas do propio centro que é o que consideramos fundamental. **ANPE** demanda garantías de que os proxectos de dirección presentados sexan accesibles e poidan ser coñecidos por toda a comunidade educativa.

No artigo 2.1d) **ANPE** solicita unha revisión da seguridade xurídica do recollido no último parágrafo deste artigo xa que segundo o Ministerio soamente teñen validez os cursos realizados polo propio Ministerio, polas Administracións Educativas e polo INTEF.

A Administración resposta que o Real Decreto 894/2014 permite a realización do curso por parte de persoas físicas e xurídicas e terán validez sempre e cando este autorizado polo Ministerio ou Administracións Educativas e os organizadores soliciten o seu recoñecemento a efectos de función directiva.

No artigo 4º pedimos a ampliación do prazo de presentación de solicitudes a 20 días.

En relación ao artigo 5º da comisión de selección dicir que a súa composición deixa claro que, desde o noso punto de vista, se ningunea ao Claustro en particular e a toda a Comunidade Escolar en xeral, xa que o que menos hai son precisamente docentes. Hai unha clara infrarepresentación do profesorado. **ANPE** rexeita as entrevistas.

Tamén solicitamos que se publiquen os criterios de avaliación dos proxectos de dirección por parte da Comisión.

As votacións deben ser por escrito e secretas.

En relación ás direccións que se nomean de forma obrigatoria, **ANPE** considera que debe facerse por un curso académico en lugar de por dous, como se recolle no artigo 11, xa que poderían aparecer novas candidaturas do propio centro no seguinte curso escolar.

ANPE considera, así mesmo, que o Claustro debe facer proposta de director/a e non ser simplemente escoitado.

Por outra banda, desde **ANPE** Galicia non entendemos que a Administración Educativa nomee directores opoñéndose en moitos casos ás consideracións do Claustro coas implicacións negativas que isto conleva.

Solicitamos esperen a que se resolva o CXT xa que poden surdir vacantes así como que a puntuación de participación pode variar se se cambia de centro.

En relación ao baremo, **ANPE** demanda a retirada do punto 2.3 e, en xeral, consideramos que se debe valorar a antigüidade e non tanto a meritocracia

ANPE demanda de novo que no caso de coberturas prolongadas de baixas de directores/as se lle dea recoñecemento administrativo e económico aos substitutos/as.

ANPE demanda novamente que se teña en conta o recoñecemento no apartado 4.1 do Concurso de Traslados para o persoal responsable de centros de educación infantil e primaria de menos de 3 unidades que asumen todas as funcións dos órganos de goberno unipersoais sen os dereitos inherentes ao cargo.

Consideramos que estes centros non deberían ter un responsable do centro se non un director/a nomeados con tal cargo.

A Administración resposta que a maioría das peticións feitas desde as Organizacións Sindicais non se poden atender por ir en contra do que establece a normativa básica.

4º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

Tema do Coronavirus: **ANPE** solicita que se recoñeza como deber inexcusable a atención aos menores por parte dalgún dos seus proxenitores, no caso de que se suspendesen as clases

Pedimos un protocolo claro de actuación para os centros xa que só hai recomendacións, por exemplo á hora das excursións a outros países *A Administración dí que está supeditada a Consellería de Sanidade e quere transmitir tranquilidade*

ANPE indica á Consellería que non funciona a páxina edu.xunta.es/oposicións *A Administración resposta que a están preparando para a publicación da Orde de oposicións*

ANPE tamén avisa que xa está publicado o CXT de Orientación na páxina xeral de edu.xunta.gal pero non na aplicación do CXT *A Administración resposta que cando empezou esta mesa, todavía non estaba publicado*

ANPE solicita que colguen as vacantes na aplicación de CXT coma noutras ocasións, e pregunta pola resolución do CXT de adultos e o Xeral *A Administración resposta que o de adultos previsiblemente mañá e o Xeral o día 20 deste mes, e o das vacantes o mirará*

ANPE informa da existencia dun erro na aplicación do CXT na participación dos funcionarios que accederon do A2 ao A1. Se o facían como A2 “voluntariamente” tal como recolle a orde non lles obrigaba a pór as provincias pero aos que participaron dende A1 a A1 sí lles aparecían. *A Administración resposta que todos iban voluntariamente, se marcaron as provincias foi o seu erro*

ANPE con respecto o tema do acoso a alumnas no centro de Vigo dí que o investiguen e fagan valer a lei *A Administración resposta que están pendentes dun informe para actuar en consecuencia*

En canto ao méritos, solicitamos que a Admon indique un prazo para actualizar méritos que non coincida con ningún proceso aberto *A Administración resposta que é complicado porque non teñen efectivos para baremar eses méritos e polo tanto non sería eficiente*

Ao parecer o DT de A Coruña pide que os funcionari@s que disfrutan da lactación e logo solicitan unha excedencia por coidado de fillos menores, reintegren o permiso de lactación: *A Administración dí que mentras intervención no diga o contrario, eles non van reclamar ese reintegro.*

ANPE pon en coñecemento da administración que hai centros plurilingües que non teñen auxiliar de conversa, obrigatorio segundo recolle a normativa; algúns destes centros levan 2 cursos sen este posto e preguntamos que medidas se van tomar para solucionalo. Presentamos datos (mais centros plurilingües neste curso co mesmo número de auxiliares pero, en cambio, acábase de publicar no DOG a axuda á privada concertada para contratar auxiliares de conversa e aumentou con respecto ao curso pasado). Facemos entrega do documento e pedimos responsabilidade, non publicidade. Non nos vale dicir que é o cupo do ministerio ou que non poden prohibirles renunciar, haberá que buscar unha solución axeitada porque se está a incumprir a normativa: cupo autonómico, listas de substitución....
A Administración non resposta.